

ORIENTACIÓNS PARA AS PROBAS DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA II CURSO 2019-2020

Prezadas/os colegas: Como xa fixeramos en anos anteriores, procedemos a enviar unha circular coas orientacións para as probas do próximo curso. Introducimos modificacións, aclaracións ou precisións atendendo ás suxestións e aos comentarios que nos enviaron departamentos de Lingua Castelá e Literatura, sobre todo a raíz da consulta que vos fixemos na anterior circular.

Estas modificacións ou aclaracións figuran salientadas nesta circular en **NEGRITA** polo feito de ser novidade, non porque sexan de maior importancia que o resto das indicacións.

LECTURAS OBRIGATORIAS: As obras literarias de lectura obrigatoria experimentan **UN CAMBIO**, producido polo interese en introducir unha obra escrita por unha autora: *La Fundación, Crónica de una muerte anunciada, Romancero gitano* e ***El lector de Julio Verne, de Almudena Grandes***, que ven substituír a *La verdad sobre el caso Savolta*.

ESTRUTURA DO EXAME. No que respecta ao exame, haberá, como sempre, dúas opcións para escoller. A estrutura será, en síntese, a seguinte:

1ª Parte: Comprensión e expresión escrita (3 puntos).

Resumo ou esquema dun texto (1 punto) e Comentario crítico do contido dun texto (2 puntos).

2ª parte, (3 puntos) Dúas preguntas (1.5 puntos cada unha) de lingua.

Unha delas basearase na identificación e explicación de estruturas, categorías ou unidades que aparezan no texto ou na detección de erros ou agramaticalidades en estruturas presentadas; a outra, na creación ou produción de estruturas ou breves textos.

3ª parte (4 puntos) Dúas preguntas (2 puntos cada unha) de literatura.

Unha pregunta fará referencia a unha das obras lidas no curso e a outra, a un tema de historia da literatura; como o ano anterior, **AMBAS** preguntas contarán cun breve texto de apoio.

ORIENTACIÓNS SOBRE O EXAME E CONTIDOS DAS PREGUNTAS

O texto no que se basearán as dúas primeiras partes do exame responderá, como nos últimos cursos, ao tipo de texto periodístico de opinión.

RESUMO OU ESQUEMA: O propósito é ou ben que o alumnado demostre a súa capacidade de síntese producindo un novo texto que reduza a información contida no fragmento sen afectar ao contido global (resumo) ou ben, se o prefire, que demostre a

súa capacidade de análise extraendo e xerarquizando as ideas principais (esquema). A través da lectura tanto do resumo como do esquema, alguén que non lese o texto debería poder saber de que trata e cales son as ideas principais. O resumo non debe conter valoracións, opinións ou ideas propias que non procedan do texto. Aplicaranse ademais penalizacións por non axustarse ás condicións básicas dun resumo: por non plasmar con expresión propia as ideas do texto descontarase ata a metade da puntuación (non é aceptable copiar literalmente fragmentos ou párrafos do texto); cando a extensión resulte impropia dun resumo poderase descontar tamén ata medio punto. Sobre a extensión, non parece apropiado sinalar un número de palabras, pero o tamaño do resumo debería oscilar entre un tercio e un cuarto da extensión do texto que se resume. O esquema deberá ordenar as ideas e xerarquizalas, incluíndo as principais e as secundarias. Empregaranse esquemas nominais e non oracionais para cada un dos epígrafes. Aplicaranse tamén penalizacións por non axustarse ás condicións básicas dun esquema: por non concretar axeitadamente as ideas poderase descontar ata medio punto; o mesmo por non relacionalas axeitadamente.

COMENTARIO: A meta é comprobar se o alumnado comprende o contido do texto, se é quen de, a partir das ideas principais do texto recollidas no resumo, expresar a confrontación das súas propias ideas coas defendidas no texto e se é quen de extraer conclusións razoadas desta confrontación. En consecuencia, unha paráfrase coherente do texto poderá cualificarse cun máximo de 0.75 puntos; se a alumna ou o alumno é quen de argumentar razoadamente o seu acordo ou desacordo coas ideas sostidas no texto e mesmo transferir o seu contido a outras realidades, poderá recibir a puntuación máxima. (2 puntos).

Repetimos aquí as orientacións de circulares anteriores, dirixidas ao alumnado:

1. Deberás tratar de convencer con argumentos e contraargumentos.
2. Deberás organizar o teu texto debidamente; podes estruturalo en partes (sen indicalas) como, por exemplo, tesis, argumentación e conclusión.
3. Deberás manexar os recursos lingüísticos axeitados: verbos de pensamento, de dúbida... adverbios e conectores que faciliten a exposición de argumentos, fórmulas que impliquen ao receptor, etc.
4. Valoraremos a corrección e a adecuación da linguaxe ao que se solicita, preferindo sempre a sinxeleza aos tópicos e ás fórmulas de recheo.
5. Deberías ser quen de detectar os criterios nos que se basea o autor para defender o que di.
6. Deberías ser capaz de engadir exemplos que ilustren os teus argumentos ou contraargumentos e deberías ser capaz de chegar a conclusións, aínda que sexan provisionais.
7. Non se trata de realizar unha análise formal do texto, aínda que poderás referirte a algún trazo formal se estimas que contribúe a reforzar a túa argumentación.
8. Penalizaremos o feito de repetires o texto, que digas obviedades, que empregues frases ocas ou insustanciais, rexistros coloquiais ou que cometas erros de expresión ou

ortográficos. Insistimos en que non preguntamos por tipoloxía textual nin por trazos formais do texto. Trátase de comentar criticamente o contido. Non se recomenda repetir datos externos que figuran no propio texto (“el texto fue escrito por tal autora o autor y publicado en tal fecha en tal periódico...”).

9. A extensión aproximada do comentario estará entre 30 e 50 liñas.

2ª PARTE

Constará de dúas cuestións que recollerán os estándares de aprendizaxe establecidos na lexislación neste bloque de contidos. Como en cursos anteriores, nunha delas pedirase identificación e explicación de fenómenos ortográficos, morfolóxicos, sintácticos (categorías, funcións e relacións...) e na outra uso ou redacción de pequenas estruturas guiadas.

As preguntas estarán relacionadas cos seguintes contidos:

- 1) Coñecemento das posibilidades de creación de palabras e enriquecemento do léxico mediante a composición, derivación, parasíntese e acronimia.
- 2) Identificación e uso das diferentes clases de palabras.
- 3) Identificación e emprego axeitado das diferentes formas verbais e das diferentes formas de perífrases verbais.
- 4) Identificación e emprego das diferentes clases de sintagmas ou frases, dos seus constituíntes e das diferentes funcións que poidan exercer nas cláusulas ou oracións.
- 5) Identificación e uso das diferentes funcións primarias de cláusula ou oración (suxeito, predicado, etc.).
- 6) Identificación e uso das diferentes relacións existentes entre estruturas sintácticas.
- 7) Coñecemento das diferentes relacións léxico-semánticas das palabras (sinonimia, antonimia, hiperonimia, campo léxico e campo semántico, mediante a identificación nun texto ou o emprego de sinónimos, antónimos, etc.).

8) Detección de erros ou de estruturas agramaticais en pequenos textos facilitados. POR EXEMPLO:

REESCRIBA LAS SIGUIENTES FRASES, EXPLICANDO LOS CAMBIOS, DE MANERA QUE NO QUEDE EN ELLAS NINGUNA INCORRECCIÓN. [1.5 PUNTOS]

- a) Hubieron algunos problemas porque llegaron demasiado tarde.
- b) Me he enterado que mañana no tendréis tanto tiempo para prepararos.
- c) Sabiais perfectamente que no querían llegar a un acuerdo con quienes les habían traicionado.
- d) El problema se reprodució una y otra vez hasta que llegastes tu.

Insístese no seguinte: 1) NON se pedirá unha análise sintáctica formal. 2) NON se pedirá análise morfolóxica de palabras, pero poderá pedirse identificación de elementos. 3) Poderase preguntar por algúns dos elementos que contribúen a dotar de cohesión e coherencia a un texto, como antecedentes de relativos, referentes textuais de pronomes, valores anafóricos e catafóricos dalgún elemento, etc., pero non se pedirá unha análise dos mecanismos de cohesión dun texto determinado (aínda que se valorará o seu uso no comentario de texto). 4. As preguntas NON serán teóricas; non se tratará de reproducir teoría gramatical ou trazos das variedades aprendidos memorísticamente, senón, como dicimos, de identificar ou empregar unidades lingüísticas.

3ª Parte

Como resultado das vosas respostas á cuestión formulada na circular do ano pasado, introducimos nomes de autoras nalgúns dos temas xa establecidos na historia da literatura do S.XX. É desexable que se incorporen aos movementos e etapas da literatura en español as escritoras destacadas que ata agora permanecen en segundo plano.

Houbo peticións para que introducísemos temas novos (*O noventismo e as vangardas*, por exemplo), pero semella mellor introducir o estudio da prosa peninsular dende o 75 aos nosos días (estudar toda a literatura pareceunos un aumento grande do temario). Este tema, ademais, servirá para contextualizar a obra de Almudena Grandes, proposta por algúns de vós. Sobre o que houbo unanimidade foi sobre a obra a substituír.

Esta parte constará de dúas preguntas; unha fará referencia a unha das obras lidas no curso e a outra á historia da literatura.

No que respecta ás obras de lectura obrigatoria (pregunta 5), co apoio dun pequeno fragmento (que estará identificado), as preguntas versarán sobre características, temas, personaxes, etc., da obra.

Preguntas tipo sobre *Romancero gitano*: 1. Temas. 2. Estrutura externa e interna. 3. Compoñentes simbólicos e míticos. 4. Rasgos formais: entre tradición e innovación.

Preguntas tipo sobre *El lector de Julio Verne*: 1. Temas da novela. 2. Análise de personaxes. 3. Tempo e espazo. 4. Estrutura e punto de vista narrativo.

Preguntas tipo sobre *La Fundación*: 1. Técnicas e recursos dramáticos. 2. Análise de personaxes. 3. Argumento e temas fundamentais. 4. Lugar, tempo e acción.

Preguntas tipo sobre *Crónica de una muerte anunciada*: 1. A técnica do realismo máxico. 2. Temas: o honor, o amor e o fatum. 3. O perspectivismo como técnica narrativa. 4. Análise de personaxes.

Insistimos en que os fragmentos seleccionados serán sempre moi significativos. Non se pretende sorprender ao alumnado, senón potenciar a lectura reflexiva das obras. O alumnado deberá responder a pregunta baseándose no fragmento, que localizará na estrutura interna (que aconteceu antes e que despois do fragmento) ou externa (capítulo, título, cadro ou romance) da obra. a resposta non deberá iniciarse de modo abrupto, senon incluír unha pequena introdución.

A pregunta 6, de historia da literatura, constará de dúas partes. Na primeira, as alumnas e alumnos deberán desenvolver, como en cursos pasados, **un dos DEZ temas teóricos propostos, NOS QUE SE INTRODUCIRON PEQUENAS MODIFICACIONES**:

1. O Modernismo. Características xerais a través da figura de Rubén Darío e **Delmira Agustini**.
2. A novela na xeración do 98: Baroja, Unamuno e Azorín.
3. As traxectorias poéticas de Antonio Machado e Juan Ramón Jiménez.

4. Evolución e características xerais da xeración do 27 a través dalgúns dos principais autores e **autoras**: Salinas, Lorca, Alberti, Cernuda e **Las Sinsombrero**.
5. O teatro español anterior á Guerra Civil: Lorca e Valle-Inclán.
6. A poesía española nas tres décadas posteriores á Guerra Civil: Miguel Hernández, Blas de Otero, Gil de Biedma e **Gloria Fuertes**.
7. A novela española nas tres décadas posteriores á Guerra Civil: Miguel Delibes, Camilo José Cela, **Carmen Laforet** e Luis Martín Santos.
8. As figuras de Buero Vallejo e Alfonso Sastre no teatro español posterior á Guerra Civil. A renovación do teatro.
9. A narrativa hispanoamericana da segunda metade do século XX. O boom da narrativa: Borges, Cortázar, García Márquez, Vargas Llosa.
10. **A narrativa peninsular dende 1975 ata os nosos días. Principales tendencias: Almudena Grandes, Muñoz Molina, Eduardo Mendoza, Rosa Montero.**

Na segunda, terán que aplicar a un texto algún aspecto da pregunta. Non se trata dun comentario de textos literario á maneira tradicional, senón dunha pregunta corta e concreta que busca comprobar que o alumnado sabe distinguir nun texto aquelas características xerais dun periodo ou dun autor que estudou na teoría. Para responder a esta segunda parte, non se requirirán outros coñecementos que os que xa se esixían o ano pasado. Tampouco dependerá a resposta de ter visto o texto na clase ou non. Se o estudante domina os contidos teóricos, saberá responder a pregunta práctica independentemente de se coñece o texto ou non. As preguntas serán do tipo: “Identifica tres rasgos formais ou temáticos definitorios dun movemento literario, dunha xeración ou dun autor/a”. Os textos escollidos estarán entre os máis coñecidos dos seus autores e as obras ás que pertencen serán representativas de movementos xerais ou de periodos ben claros da obra dun autor.

Cando se pregunte por rasgos dun movemento ou xeración, a pregunta referirase ao modernismo; á Xeración do 98; á Xeración do 27; ao teatro, novela e poesía (ou á literatura) das tres décadas posteriores á guerra civil, á narrativa peninsular contemporánea ou á literatura hispanoamericana. Cando a pregunta verse sobre un autor, os fragmentos seleccionados procederán das obras máis coñecidas de Juan Ramón, Machado, Lorca ou Valle Inclán.

Recoméndase que respondan primeiro á parte teórica da pregunta (1.5 puntos) e logo á referida ao fragmento (0.5).

CONSIDERACIÓNS FINAIS

1. Como en anos anteriores, é vontade do grupo de traballo a de mantermos permanente contacto cos docentes da materia. O noso correo electrónico permanece á vosa disposición: abaulinguacastelaeliteratura@gmail.com
2. Non mantemos correspondencia nin atendemos correos de alumnas ou alumnos. O alumnado debe dirixir as súas dúbidas ás/aos docentes dos centros nos que cursa 2º de bacharelato ou ás/aos docentes do centro no que se matricula para as probas).

3. Tampouco atendemos nin respondemos a correos anónimos aínda que afirmen seren docentes de 2º de bacharelato. Tampouco mantemos correspondencia con aqueles/as colegas que non garden as mínimas normas de educación e cortesía académica (correos, afortunadamente, minoritarios).

Xuño de 2019.

Joaquín Sueiro Justel

Universidade de Vigo

Director do Grupo de Traballo de Lingua Castelá e Literatura